

BANDO

D. JOSÉ LUIS GOMEZ FONTENLA, ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MORAÑA.

FAI SABER:

Que a Consellería de Política Social organiza o **“PROGRAMA XUNTOS POLO NADAL”** 2023, para persoas maiores que, valéndose por si mesmas vivan soas e non teñan con quen pasar estas datas do Nadal.

→ **DATAS DE CELEBRACIÓN:** Do 24 de decembro de 2023 e o día 7 de xaneiro de 2024 en dúas quendas de 8 días cada unha.

REQUISITOS:

- a. Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- b. Estar empadroado nalgún concello galego.
- c. Vivir so no seu domicilio e ter que pasar só/a as datas do Nadal.
- d. Valerse por si mesmo e non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio, nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da estada.
- e. Recoméndase estar vacunado fronte a Covid-19 segundo o calendario sanitario vixente.

As persoas participantes **asistirán de forma gratuíta** ao programa. Os **gastos de desprazamento** desde o domicilio dos adxudicatarios ata o lugar de saída que se indique nas localidades de Ferrol, A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra ou Vigo e viceversa serán por conta da persoa participante.

→ **PRAZO DE PRESENTACION:** estará aberto ata o día 8 de decembro de 2023 (incluído)

Tódalas persoas que desexen máis información e face-las correspondentes solicitudes, poden dirixirse ás Oficinas de servizos sociais do concello de Moraña

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442

